Síntese: A DEMOCRACIA E OS SEUS RETOS NO MUNDO ACTUAL

1. O CONCEPTO DE DEMOCRACIA

O concepto actual de democracia sintetiza unha serie de ideas políticas diferentes precedentes de diversas tradicións, polo que presenta un carácter aberto e polivalente. Estes ingredientes son:

1.1 A democracia grega

Inventa o primeiro sistema político democrático. Ten carácter asembleario pero limitado só aos cidadáns (varóns adultos libres e orixinarios da *polis*).
Aséntase nunha certa homoxeneidade de intereses e valores comúns a tódolos cidadáns.
Aspira a superar a división entre gobernantes e gobernados en busca do "ben común".

1.2 A tradición republicana e o seu transvase ao liberalismo

Concibe a comunidade como un conxunto de faccións ou estratos que teñen intereses comúns e se deben manter en equilibrio.
Nas versións tradicionais (República romana, cidades italianas do Renacemento, etc) establecendo *gobernos mixtos* que promovan o ben común e o equilibrio entre tódalas faccións sociais.
Na versión moderna, posterior ás revolucións burguesas, promove a idea de participación política, chegando a certa converxencia co liberalismo.

1.3 O liberalismo político

Aporta a idea duns dereitos básicos inherentes ao individuo e a defensa dos mesmos.
Introduce o constitucionalismo e a *división de poderes.*

1.4 A idea socialista

Amplía o catálogo de dereitos ao plano social e económico, dotándoos dun carácter *positivo.*
Estende o dereito de participación política a todos os cidadáns.

1.5 A idea de representación política

A idea dunha representación política non imperativa é unha acomodación inevitable da democracia á enorme extensión dos estados modernos.

2. MODELOS DE DEMOCRACIA

A democracia asemblearia popular só se deu en Grecia pero foi proposta tamén por algúns autores modernos como Rousseau no marco de sociedades con pequena propiedade.

2.1. A democracia como protección

Reduce a democracia a un simple sistema de elección de gobernantes para a protección dos intereses privados e presentase baixo dúas versións: o de Bentham e J. Mill e o elitista.

Concibe ao homo como un *animal económico*, "maximizador de utilidades privadas"

2.2 A democracia como participación

Non reduce a democracia a un sistema de defensa de interese privados senón tamén como un medio de realización e participación cidadá.

Presenta dúas variantes: a de desenvolvemento de Stuart Mill e a de deliberación de J. Habermas.

Concibe ao home como animal político que se autorrealiza en diálogo e cooperación cos semellantes.

3. O ESTADO DEMOCRATICO DE DEREITO

O concepto actual de democracia plásmase na fórmula xurídica de "Estado Democrático de Dereito", que implica:

a) Imperio da lei
b) División de poderes
c) Legalidade da Administración
d) Dereitos e liberdades fundamentais

Todo elo expresado e garantido por unha Constitución.

4. OS RETOS DA DEMOCRACIA NO MUNDO GLOBALIZADO

A democracia actual ten dous grandes retos:

a) Facerse real e efectiva nos Estados que só a proclaman formalmente,
b) Constituír e promover outras novas institucións internacionais supra estatais que atendan aos problemas de carácter global.